



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm.: 2024/C005/000004

Ref.: SLR

DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SÚPER SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR LOTES, E INSTALACIÓN DE CATRO BOMBAS PARA ESTACIONES DE BOMBEO DE AGUAS RESIDUAIS PARA A MELLORA NO SISTEMA DE SANEAMENTO MUNICIPAL E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE (FCA 2024)

ANTECEDENTES DE FEITO

- O día 07/06/2024 (RE núm. 20240000002453), comunicase ao concello o outorgamento dunha subvención para o proxecto denominado FCA As Pontes 2024: restauración do espazo natural no entorno do lago, instalación de bombas de augas residuais, adquisición de vehículos eco e accesorios retro pala”, ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, publicada no DOG núm. 17, con data mércores 24 de xaneiro de 2024
- A efecto da licitación da subministración de catro bombas para estacións de bombeo de augas residuais para a mellora no sistema de saneamento municipal e protección do medio ambiente no Concello das As Pontes, elaborouse un prego de prescricións técnicas en data 08/07/2024.
- O prego de cláusulas administrativas ten data xullo de 2024. O prego asinouuse o día 19/07/2024. A CPV do contrato é 42122000-0: Bombas (equipos de bombeo). O obxecto do contrato divídese en catro lotes: lote 1, subministración da bomba a estación de bombeo de Perfolla; lote 2, subministración da bomba a estación de bombeo de Mourela; lote 3, subministración da bomba a estación de bombeo de Barreiro; e lote 4, subministración da bomba a estación de bombeo do lago das Pontes.
- En data 19/07/2024 a secretaria municipal emite informe xurídico favorable ao prego de cláusulas administrativas e á aprobación do expediente.
- O informe de fiscalización da intervención municipal núm. 300/2024 é de data 23/07/2024; no informe confírmase a existencia de crédito e fiscalízase de conformidade o expediente.

FUNDAMENTOS

Os artigos 28, 117.1, 135, e 159.6 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público; nos artigos 184 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 54 e 55 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a autorización dos créditos orzamentarios e o Decreto nº 1529/2023, de 5 de xullo, de delegación de competencias nos membros da corporación municipal, no seu punto 1º d), que designa a María Tania Pardo Cabarcos, como concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación

Por iso, á vista dos antecedentes e fundamentos citados, RESOLVO:

- 1º) Aprobar o expediente de licitación do contrato de “Subministración, por lotes, e instalación de catro bombas para estacións de bombeo de augas residuais para a mellora no sistema de saneamento municipal e protección do medio ambiente (FCA 2024)”. O expediente tramitárase mediante procedemento aberto súper simplificado.
- 2º) Publicar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación.
- 3º) Autorizar crédito por importe de 27 902,62€ con cargo á partida orzamentaria 1721.60901.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm.: 2024/C005/000004

Ref.: SLR

As Pontes de García Rodríguez, xullo de 2024

A concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación
María Tania Pardo Cabarcos